

Instrucións para a solicitude de bolsas de estudo

O alumnado que curse GRAO PROFESIONAL pode solicitar unha das bolsas do Ministerio de Educación para o estudo. A cuantía a conceder terá distintos compoñentes, en función dos requisitos e circunstancias do solicitante determinados na convocatoria que sae publicada no BOE todos os veráns. En todo caso inclúe a matrícula.

Pasos para solicitar a bolsa

- 1. Realizar a solicitude** na páxina do ministerio de educación: www.educacionyfp.gob.es mediante un formulario on-line. Normalmente o prazo de solicitude é desde principios de agosto ata finais de setembro. A primeira vez que se solicita bolsa hai que rexistrarse previamente na Sede Electrónica do Ministerio. Recorda os seguintes pasos:
 - REXISTRARSE na Sede Electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. (o rexistro debe ser co nome e DNI da/o alumna/o).
 - CONSERVAR O USUARIO E O CONTRASINAL que serán solicitados para calquera comunicación posterior coa Sede e, en particular, para a solicitude da bolsa.
 - CUMPRIMENTAR O FORMULARIO correspondente á solicitude de bolsa cando se abra o prazo de presentación dacordo coa publicación no Boletín Oficial do Estado.
- 2. Entregar o resguardo da solicitude antes do 15 de outubro.** Unha vez solicitada a bolsa vía telemática, imprimir unha copia do resguardo da solicitude de bolsa e enviar por correo-e a cmus.santiago@edu.xunta.gal.
- 3. Entregar o xustificante da concesión da bolsa antes do 15 de abril** (ou pago da matrícula). Ao longo do curso o ministerio irá resolvendo as solicitudes. O alumnado solicitante poderá consultar a situación do procedemento na sede electrónica (á que debe acceder co seu usuario e contrasinal). Na sección de "notificacións" recibirá a resolución da bolsa. Unha vez resolta deberá entregar no centro o xustificante da concesión da bolsa. Se a resolución é negativa, deberase facer o pago da matrícula no menor prazo posible (*). Aqueles que pagaran a matrícula e despois se lles concedera unha bolsa de estudos, poderán solicitar a devolución do importe de matrícula na secretaría do centro.

() IMPORTANTE No caso de non resultar beneficiario, deberase aboar os prezos correspondentes á matrícula xunto cos xuros de demora correspondentes (calculados dende o último día do prazo de matrícula ata a data da publicación da resolución das bolsas).*